

## **EMPREGO XUVENIL: UN RETO PARA EUROPA (*YOUTH EMPLOYMENT: A CHALLENGE FOR EUROPE*)**

**Director:** Roberto Fernández Fernández

**Coordinadora:** Henar Álvarez Cuesta

**Editorial:** Thomson Reuters Aranzadi, Cizur Menor, 2016,  
493 páxinas.

O impulso do emprego xuvenil é unha cuestión de especial transcendencia no marco das políticas de emprego. É ben sabido que as taxas de desemprego xuvenil en todos e cada un dos Estados da Unión Europea son máis altas que as taxas xerais de desemprego, alcanzando en Estados como España ou Polonia cifras verdadeiramente dramáticas.

Ás dificultades ordinarias para inserirse no mercado laboral que sempre tiveron os traballadores novos, debido fundamentalmente á súa falta de experiencia, engádese na actualidade o impacto negativo da crise económica, a falta de adecuación dos sistemas formativos ás necesidades reais do mercado laboral, ou a proliferación de situacións laborais ou extra-laborais precarias que non garanten a inclusión e permanencia dos mozos no mercado do emprego.

Por todas estas razóns, resulta moi pertinente o desenvolvemento de análises sobre as medidas de fomento do emprego xuvenil, co fin de determinar tanto os seus puntos fracos coma as súas fortalezas. É precisamente este o obxecto da monografía colectiva que hoxe se examina, dirixida e coordinada con acerto por Roberto Fernández Fernández e Henar Álvarez Cuesta. Constitúe esta monografía o punto culminante dun Proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade sobre "Xuventude e experiencia no fomento do emprego e do emprendemento: un reto para Europa e para España: marco xurídico do emprego e dos

traballadores novos", que xa dera apreciables froitos con anterioridade.

Director e coordinadora tiveron o mérito de xuntar nesta obra colectiva as achegas de dezoito profesores universitarios de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, especialistas nesta materia, que abordaron dende distintos puntos de vista as facetas máis relevantes do emprego xuvenil, ofrecendo un panorama moi completo sobre os principais problemas e as posibles solucións que se albiscan ao respecto.

O libro estrutúrase en tres bloques temáticos, dedicándose o primeiro deles á exposición dalgunhas experiencias comparadas sobre emprego xuvenil en Europa, reservándose o segundo ao estudo exhaustivo do emprego xuvenil no ordenamento xurídico español, e abordando o terceiro as iniciativas de fomento do emprendemento articuladas no sistema español que poden favorecer o autoemprego xuvenil, aspecto de verdadeira relevancia no marco da actual política de emprego.

A parte de Dereito comparado consta de catro capítulos escritos de inglés a cargo de Jakub Stelina, Maciej Laga, György Kiss e Attila Kun, todos eles profesores de institucións universitarias polacas e húngaras. Así, nos dous primeiros capítulos os dous autores citados en primeiro lugar describen tanto o réxime xurídico do emprego xuvenil en Polonia, coma as medidas legais de loita contra o desemprego xuvenil nese país; ambos os dous aspectos moi influenciados obviamente pola política de emprego da Unión Europea, o que permite ao lector advertir paralelismos entre o sistema polaco e o español. O terceiro capítulo deste bloque, redactado polo profesor Kiss, segue a liña dos anteriores, analizando as medidas de promoción do emprego xuvenil en Hungría. E finalmente, o cuarto capítulo, asinado polo profesor Kun, examina con detemento unha interesante figura do Dereito húngaro, as *School Cooperatives*, isto é, cooperativas de estudantes constituídas coa finalidade de introducir os seus membros no mercado laboral, e a súa incidencia na mellora do emprego xuvenil. Hai que destacar que os catro capítulos desta parte inclúen en maior ou menor medida datos

estadísticos acerca das condicións de emprego e desemprego dos mozos, así como outras informacións sobre a estrutura do mercado laboral e a situación económica en ambos os dous Estados que permiten comprender con maior exactitude o alcance das medidas articuladas polos poderes públicos en relación co emprego xuvenil.

O segundo bloque temático, centrado no emprego xuvenil no ordenamento español, é o que aglutina maior número de contribucións, estruturándose en dez capítulos. Abre esta sección unha interesante análise, a cargo dos profesores Juan José Fernández Domínguez e Roberto Fernández Fernández, sobre un tema de singular actualidade en España a partir do estalido da crise económica, como é o movemento internacional de traballadores altamente cualificados. A distinción desta específica mobilidade respecto da migración que tradicionalmente se dera en España en épocas anteriores, así como o impacto desta tanto no Estado de orixe como no Estado receptor, constitúen parte dos contidos deste capítulo, que usa como principal fonte bibliográfica os Papeis para a Discusión do Instituto para o Estudo do Traballo de Bonn (*IZA Discussion Papers Series*). O capítulo conclúe cunha crítica da situación previamente analizada e o esbozo de propostas de mellora que os autores se comprometen a seguir desenvolvendo en futuras publicacións.

O capítulo II deste bloque, a cargo de profesor Rodrigo Tascón López, analiza as que o autor denomina con acerto "barreiras xurídicas estruturais para o emprego dos mozos", levando a cabo un repaso crítico das principais medidas de reactivación do emprego xuvenil articuladas nos últimos anos, como as bonificacións de cotas da Seguridade Social, a deficiente implantación do Sistema de Garantía Xuvenil, a reforma das modalidades de contratación ou o uso abusivo da figura do bolseiro. Aínda que situados un pouco máis adiante, nos capítulos VII, VIII e IX deste bloque, os estudos do profesor Roberto Fernández Fernández acerca do contrato de apoio a emprendedores como mecanismo para mellorar a empregabilidade xuvenil, do profesor José Gustavo Quirós Hidalgo, sobre as modalidades de contratación introducidas na Lei 11/2013, e da profesora M<sup>a</sup>

de los Reyes Martínez Barroso, sobre o acceso dos mozos ao emprego público e as principais consecuencias xurídicas da súa contratación irregular, completan unha visión ampla e panorámica sobre a contratación xuvenil.

Non podía faltar nunha monografía tan completa sobre o emprego xuvenil, o estudo do papel, que xogan as prácticas de distintos tipos na integración dos traballadores no mercado laboral. Así, o capítulo V, a cargo da investigadora Patricia Prieto Padín, detense na adquisición de competencias profesionais dos estudantes de formación profesional e universitarios mediante a combinación de experiencia (pre)laboral e formación práctica. E o capítulo VI, asinado pola coordinadora do libro, Henar Álvarez Cuesta, inténase de xeito crítico nas sutís diferenzas entre bolsas, prácticas e relación laboral, centrándose na análise das prácticas non laborais, e de xeito específico no persoal investigador en formación, cuestionándose se verdadeiramente estas figuras que se sitúan nas fronteiras do traballo asalariado reforzan a empregabilidade dos traballadores novos de cara á súa incorporación ao mercado laboral, ou ben atrásana, ampliando a precariedade á que se ven expostos os traballadores de menos idade.

A xestión da colocación dos traballadores novos a través de mecanismos de intermediación públicos e privados é o tema que aborda o capítulo III desta segunda parte, de cuxo desenvolvemento se ocupou a profesora Susana Rodríguez Escanciano. En efecto, o exame do impacto da configuración do réxime de intermediación laboral sobre os demandantes de emprego máis novos é clave no estudo do emprego xuvenil. En particular, resulta sumamente interesante a análise levada a cabo en torno ás empresas de traballo temporal, dada a alta porcentaxe de traballadores novos que se nutre deste tipo de emprego, así como as plataformas dixitais, cuxos principais usuarios na actualidade son traballadores de curta e mediana idade.

A implicación dos axentes privados no fomento do emprego xuvenil é tamén obxecto de tratamento no capítulo X, rubricado polo profesor Diego Megino Fernández, que examina o papel da responsabilidade social empresarial no incremento da empregabilidade dos traballadores novos.

Por último, a profesora Beatriz Agra Viforcós aborda no capítulo IV da segunda parte un tema clásico, pero fundamental, dentro do emprego xuvenil, como é o traballo infantil. Por máis que en España o traballo dos menores de idade non teña a relevancia que adquire noutros Estados non europeos -moitos deles vinculados á economía occidental mediante técnicas de descentralización produtiva-, é preciso ter presentes os estándares nacionais e internacionais de protección dos dereitos do neno para evitar calquera tipo de prexuízo. Neste sentido, resulta particularmente suxestiva aquela parte do capítulo na que se examinan as conexións entre o traballo infantil e o posterior traballo xuvenil desenvolvido polo mesmo individuo.

O terceiro bloque da monografía sitúase no eixe máis novidoso das políticas de emprego, como é o fomento do emprendemento, para levar este tema ao terreo do emprego xuvenil. O capítulo que abre este bloque, desenvolvido pola profesora Lourdes López Cumbre, analiza as últimas medidas de fomento do emprendemento adoptadas a nivel interno, poñendo especial atención naquelas dirixidas ao establecemento en chan español de empresas e profesionais cualificados estranxeiros. Deste modo incídese dende o punto de vista do emprego autónomo no fenómeno da mobilidade internacional que, dende o punto de vista do traballo asalariado, foi abordado no capítulo I da parte segunda. A reconversión da figura de autónomos e TRADES ao servizo do autoemprego, incluíndo a análise das medidas de Seguridade Social arbitradas ao respecto, tamén é obxecto de tratamento neste capítulo, que se pecha cunha interesante visión de novas e renovadas formas de creación de empresas -*startups*, *bussines angels*, sociedades laborais e sociedades participadas polos traballadores-.

O profesor Elías González-Posada Martínez levou a cabo no capítulo II unha reflexión, á luz do noso ordenamento xurídico, acerca do valor da experiencia no marco do emprendemento e do emprego xuvenil. O estudo destaca pola exhaustividade na exposición e análise dunha gran variedade de medidas de fomento do emprendemento,

articuladas non só no ámbito social e das políticas de emprego, senón tamén nas esferas administrativa, tributaria e mercantil. Todo iso permite apreciar a énfase dos poderes públicos no fomento do emprendemento.

Por último, a monografía péchase cos capítulos III e IV desta terceira parte, nos que as profesoras Milagros Alonso Bravo e Azucena Escudero Prieto examinan respectivamente os instrumentos normativos de coordinación para a elaboración das políticas activas de emprego dos traballadores de máis idade durante o período 2014-2016, así como as iniciativas para evitar a discriminación por razón de idade incluídas no Real Decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo.

En definitiva, a presente monografía é unha obra de indubidable interese, non só pola exhaustividade coa que se aborda o obxecto de estudo, senón tamén polo grao de afondamento crítico das contribucións dos autores que tomaron parte nela. Por estas razóns a súa consulta é imprescindible para todo aquel operador xurídico que, tanto dende unha perspectiva investigadora como eminentemente práctica, desexe coñecer con rigor a orientación das actuais políticas de emprego xuvenil, así como as medidas máis recentes adoptadas nesta materia.

**Nora María Martínez Yáñez**

Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social  
Universidade de Vigo